



## 24 de marzo 2015: Inspección de primavera do Río Louro nas Gándaras de Budiño.

Co gaio do DIA EUROPEO DA REDE NATURA 2000 e o DIA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA, a SGHN organizou o pasado 24 de marzo 2015 a Inspección do Río Louro, co obxectivo de contribuír ós obxectivos de conservación da biodiversidade na Rede Natura 2000. Trátase da inspección de Primavera do PROXECTO RÍOS, organizada en colaboración con ADEGA.



Inspección de primavera do Río Louro  
**GANDARAS DE BUDIÑO**  
O Porriño (Pontevedra)  
Domingo, 24 de maio de 2015  
de 10:30-14:00

Inscripción gratuita obligatoria  
e mais información:  
valoranatura@gmail.com

ORGANIZA:  
Sociedade Galega de Historia Natural



www.proxectorios.org    www.sghn.org

### Maio 2015: Inspección de primavera do Río Louro.

Co gaio do DIA EUROPEO DA REDE NATURA 2000 e o DIA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA, a SGHN organiza a Inspección do Río Louro. Trátase da inspección de Primavera do Proxecto Ríos, organizada en colaboración con ADEGA. O Proxecto Ríos é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos ríos. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado dos ríos por parte de persoas ou grupos voluntarios a nivel local, co obxectivo final de facerse responsables da vixilancia do río que pasa polo seu municipio ou localidade. A actividade consiste en tomar datos sobre a calidade hidromorfolóxica, físico-química e biolóxica do río nun tramo de 500 m. Mediremos pH, nitratos, temperatura, osíxeno disolto e turbidez, e identificaremos a fauna acuática e a flora do cauce. É necesario levar roupa axeitada para pasar unha mañá de primavera á beira do río Louro. Prazas limitadas. Inscripción gratuita obligatoria no correo electrónico: valoranatura@gmail.com

Entre os valores naturais que alberga a Zona de Especial Conservación "ZEC Gándaras de Budiño", destacan os hábitats prioritarios como as **turbeiras**, os **bosques de ribeira** e hábitats de interese comunitaria como as **breixeiros húmidas**, que albergan unha gran biodiversidade.

\*Trátase dunha actividade gratuita e aberta a tódalas persoas interesadas. Cada participante é responsable único das súas accións e accidentes que puideran producirse. Os convocantes da actividade non se responsabilizan a nivel persoal nin colectivo dos accidentes que podan ocorrer.

O PROXECTO RÍOS é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos ríos. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado dos ríos por parte de persoas ou grupos voluntarios a nivel local, co obxectivo final de facerse responsables da vixilancia do río que pasa polo seu municipio ou localidade [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org).

A actividade consistiu nunha saída para tomar datos sobre a calidade hidromorfolóxica, físico-química e biolóxica do río nun tramo de 500 m. Participou un grupo de 14 persoas, que participaron na descrición do tramo de río, medición de variables de calidade físico-química como pH, nitratos, temperatura, osíxeno disolto e turbidez, e identificaron a fauna acuática e a flora da canle.

Identificáronse e realizaron fotografías das especies atopadas para contribuír ó Catálogo de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño, e se realizou un seguimento do estado ambiental dos ecosistemas visitados.

A Rede Natura 2000 é un conxunto de espazos protexidos destinada a garantir a supervivencia das especies e os seus hábitats. Está composta por milleiros de lugares de alto valor ecolóxico de toda Europa. A Rede Natura 2000 promove que a conservación da natureza beneficie ós cidadáns e contribúa ó desenvolvemento socioeconómico dos lugares.



As Ribeiras do río Louro sufriron unha grande transformación ó longo dos anos e hoxe en día a zona está totalmente transformada e perdeu unha parte dos seus hábitats e especies. A existencia de varias charcas e ecosistemas acuáticos de moito valor natural pola súa singularidade e escaseza deste tipo de hábitats en Galicia propiciaron a súa inclusión na Rede Natura 2000. O espazo natural alberga 5 hábitats prioritarios con boas representacións de vexetación acuática e turbeiras e importantes formacións de bosque de ribeira. Inclúe varias decenas de especies de vertebrados e invertebrados protexidos, destacando unha das derradeiras poboacións de sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) de Galicia. Actualmente estase a traballar na zona, catalogando fauna e flora, dos que se observa unha importante biodiversidade, consolidando a importancia dos ecosistemas valiosos das Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro.

O tramo elixido do río Louro discorre pola zona de Orbenlle, con vexetación arbórea predominante formada por bosques mixtos de carballos e especies do bosque de ribeira (amieiros, salgueiros, freixos) e plantacións de piñeiros e eucaliptos. Observáronse diferentes larvas acuáticas de invertebrados acuáticos, peixes (espiñento e xuvenil de troita), varias especies de libélulas, escaravellos, aves (lavanco real e diferentes paseriformes), plantas exóticas invasoras (bambú, *Crocsmia x crocosmiiflora*, *Fallopia japonica*), mamíferos (toupa, musaraña), pegadas e sinais de mamíferos (xabarís, visón americano).

Durante o tramo inspeccionado, os voluntarios tamén limparon de lixo (plásticos, latas, papeis) e se eliminaron mais de 50 pés de *Crocsmia x crocosmiiflora*.

O obxectivo desta actividade naturalista no espazo natural Ribeiras do Louro-Gándaras de Budiño, é a divulgación dos valores naturais do espazo natural e aportar datos para o coñecemento da biodiversidade e o estado ambiental.







